

A inmensidade da súa obra

"Non imaxino a miña vida sen a poesía".

Manuel María

A obra literaria e xornalística legada por Manuel María desde 1950 é moi extensa e mostra representativa dunha grande polifacencia por parte do autor. Podemos falar dun Manuel María poeta, doutro narrador, dun terceiro dramaturgo ou tamén do ensaísta, articulista en prensa, crítico literario, etc.

A súa vasta produción, no entanto, tivo que sortear importantes atrancos para chegar a ver a luz en épocas de falta de liberdade como foron as longas décadas de ditadura militar do

xeneral Franco, denominadas polo escritor Celso Emilio Ferreiro, contemporáneo e amigo de Manuel María, como unha "longa noite de pedra". Así pois, especialmente perseguido pola censura, esta chegou a impedir a publicación dalgún título seu ou a mutilar os seus escritos. Isto explica que parte da súa obra apenas vise a luz fóra de Galiza, décadas máis tarde de ser escrita, grazas á solidariedade de amigos-irmáns portugueses ou do exilio americano.

A obra de Manuel María acadou moito éxito sempre entre o público e este éxito radica no compromiso do noso autor co seu pobo, con quen se mostra solidario sempre. As preocupacións, as alegrías, os desexos, os medos, etc., dun vólvense propios para o outro.

Moitos dos seus libros tiveron varias reedicións e boa parte da súa obra foi traducida a varios idiomas: portugués, bretón, francés, eusquera...

Leamos algunha destas experiencias nas palabras de Manuel María a respecto da publicación do poemario *Remol*, 1970:

"Remol sai, ao cabo e ao remate, como outros libros meus, patrocinado polo amor e os cartos dos nosos emigrados. Remol sai á luz na Galiza Emigrada -tan metida no meu corazón e na miña lembranza- como saiu hai moitos anos -e esto teño que dicilo con tristura e con desesperanza- Follas Novas, de Rosalía, a mellor poeta do mundo sin dúbida de ningunha clase, que soubo sentir, identificarse e expresar, como ningún o fixo, o sufrir, o vivir e o ser do noso pobo. Con todo é arreplante que a historia da edición de Follas Novas volva a repetirse case a un século de ter acontecido".



Con Saleta

1 Explica o significado destas palabras da introdución guiándote polo contexto. Logo, escribe unha oración con cada unha delas:

✍ Polifacecia: _____

✍ Dramaturgo: _____

✍ Vasta: _____

✍ Ditadura: _____

✍ Mutilar: _____

✍ Exilio: _____

2 Olo ao piollo! A escrita das letras B / V pode crear palabras ben diferentes. Escribe unha oración con cada elemento destas parellas:

✍ Basta / vasta: _____

✍ Barón / varón: _____

✍ Baca / vaca: _____

3 Completa estes vocábulos con "B" ou "V":

Mó__il __ isa__ ó tro__ador __arrer ri__eira __al

Ár__ores a__ogado __éspera ca__azo mara__illas co__arde

4 Enumera as ideas fundamentais que se extraerían da introdución (unha idea por parágrafo).

5 Escribe o comentario persoal que che suxira o texto final de Manuel María.

6 Localiza nesta sopa de letras cinco títulos de obras poéticas de Manuel María:



7 Relaciona as expresións das dúas columnas para descubrires novos títulos da ampla produción literaria de Manuel María:

- | | |
|--------------|----------------------------|
| Poemas... | ...do lusco ao fusco |
| Canciós... | ...ao outono |
| Os soños... | ...de pregos |
| Libro... | ...na gaiola |
| Muiñeiro... | ...de brétemas |
| Brétemas... | ...de mimí |
| Poemas... | ...do vento ceibe |
| As rúas... | ...do empardecer |
| Historias... | ...da labarada estremecida |
| O bigote... | ...do muiñeiro |

8 Logo da lectura da introdución á unidade, explica no teu caderno esta cita de Camilo Gómez Torres, estudoso da obra de Manuel María:

"Non se pode silenciar, desprezar, esquecer, minusvalorar a inmensidade e valía da súa aportación en todos os campos da creatividade e da cultura galegas".

9 "Á procura da obra descoñecida". Formade grupos de traballo e procurade información sobre a obra publicada de Manuel María. Cada grupo centrarase nun xénero literario (poesía, narrativa, teatro). A continuación, elaborade un mural colectivo na aula cos títulos de todas as súas obras.